

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------|------------------------|---------------|
| 15021482 | San Clemente | Santiago de Compostela | 2024/2025 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|-----------------------------|---------------------------|------------------------------------|------------------------------------|-------------------|
| IFC | Informática e comunicacións | CSIFC03 | Desenvolvemento de aplicacións web | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de adultos |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0615 | Deseño de interfaces web | 2024/2025 | 2 | 157 | 188 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|----------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | LUIS GONZÁLEZ VARELA |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo desenvólvese no marco do Proxecto de FP dual coa empresa multinacional SoftwareONE, no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro educativo. O módulo de "Deseño de interfaces web" é impartido no segundo curso do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en "Desenvolvemento de Aplicacións Web". O desenvolvemento curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o Centro educativo IES San Clemente que cumpre as condicións establecidas pola lexislación vixente en canto a espazos, instalacións, alumnado, etc. e as empresas Dimensiona, Ava Soluciones Tecnológicas, Natica Sistemas de Información, Zadia Software e Bahia Software.

No convenio establecido entre a Consellería de Educación e a empresa, a formación do alumnado será compartida dende o principio do curso e ata o mes de marzo incluído entre o centro educativo e a empresa. Dende o inicio do mes de abril e ata a finalización do curso a actividade formativa realizarase na empresa na súa totalidade. Semanalmente isto supón que durante os dous primeiros trimestres, o alumnado asistirá ao centro educativo 2 días de cada semana e asistirá á empresa os 3 días restantes.

O número de sesións establecidos para este módulo é de 188 (157 horas) , correspondendo 42 (35 horas) ao centro escolar a razón de 2 sesións á semana. Neste módulo dáse unha orientación fundamentalmente práctica, usando as ferramentas software e hardware máis utilizadas hoxe en día nas empresas da contorna, de maneira que o alumnado adquira os coñecementos adecuados ás características do ámbito produtivo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|--|--------------------|----------|
| 1 | Formación en empresa. | Formación curricular que se adquirirá na empresa. | 146 | 60 |
| 2 | Planificación de interfaces gráficas | Introdución aos conceptos de interface web, os seus compoñentes e fundamentos. | 32 | 25 |
| 3 | Preparación de ficheiros multimedia para web | Manexo de ferramentas de edición de imaxe, son e vídeo. | 4 | 5 |
| 4 | Uso avanzado de follas de estilos | Emprego avanzado de follas de estilo en documentos web. | 6 | 10 |

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 1 | Formación en empresa. | 146 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Planifica a creación dunha interface web, para o que valora e aplica especificacións de deseño. | SI |
| RA2 - Crea interfaces web homoxéneas, para o que define e aplica estilos. | SI |
| RA4 - Integra contido multimedia en documentos web e valora a súa achega, para o que selecciona adecuadamente os elementos interactivos. | SI |
| RA5 - Desenvolve interfaces web accesibles, para o que analiza as pautas establecidas, aplicando técnicas de verificación. | SI |
| RA6 - Desenvolve interfaces web amigables, para o que analiza e aplica as pautas de usabilidade establecidas. | SI |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Recoñeceuse a importancia da comunicación visual e os seus fundamentos. |
| CA1.2 Analizáronse e seleccionáronse as cores e as tipografías adecuadas para a súa visualización en pantalla. |
| CA1.3 Analizáronse alternativas para a presentación da información en documentos web. |
| CA1.4 Valorouse a importancia de definir e aplicar a guía de estilo no desenvolvemento dunha aplicación web. |
| CA1.5 Utilizáronse e valoráronse aplicacións para o deseño de documentos web. |
| CA1.5.1 Utilizáronse aplicacións para o deseño de documentos web. |
| CA1.5.2 Valoráronse aplicacións para o deseño de documentos web. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.6 Utilizáronse marcos, táboas e capas para presentar a información de xeito ordenado. |
| CA1.7 Creáronse e utilizáronse patróns de deseño. |
| CA2.1 Recoñecéronse as posibilidades de modificar as etiquetas HTML. |
| CA2.2 Definíronse estilos de xeito directo. |
| CA2.3 Definíronse e asociáronse estilos globais en follas externas. |
| CA2.4 Definíronse follas de estilos alternativas. |
| CA2.5 Redefiníronse estilos. |
| CA2.6 Identificáronse as propiedades de cada elemento. |
| CA2.7 Creáronse clases e identificadores de estilos. |
| CA2.8 Utilizáronse ferramentas de validación de follas de estilos. |
| CA2.9 Utilizouse e actualizouse a guía de estilo. |
| CA4.1 Recoñecéronse e analizáronse as tecnoloxías relacionadas coa inclusión de contido multimedia e interactivo. |
| CA4.2 Identificáronse as necesidades específicas de configuración dos navegadores web para soportar contido multimedia e interactivo. |
| CA4.3 Utilizáronse ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo. |
| CA4.4 Analizouse o código xerado polas ferramentas de desenvolvemento de contido interactivo. |
| CA4.5 Agregáronse elementos multimedia a documentos web. |
| CA4.6 Engadiuse interactividade a elementos dun documento web. |
| CA4.7 Verificouse o funcionamento dos elementos multimedia e interactivos en distintos navegadores. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA5.1 Recoñeceuse a necesidade de deseñar webs accesibles. |
| CA5.2 Analizouse a accesibilidade de diversos documentos web. |
| CA5.3 Identificáronse as principais pautas de accesibilidade ao contido. |
| CA5.4 Analizáronse os posibles erros segundo os puntos de verificación do nivel de conformidade. |
| CA5.5 Alcanzouse o nivel de conformidade desexado no deseño de webs accesibles. |
| CA5.6 Verificáronse os niveis alcanzados de accesibilidade web mediante o uso de tests. |
| CA5.7 Verificouse a visualización e accesibilidade da interface con diversos navegadores e tecnoloxías. |
| CA6.1 Valorouse a importancia do uso de estándares na creación de documentos web. |
| CA6.2 Analizáronse técnicas para verificar a usabilidade dun documento web. |
| CA6.3 Analizouse a usabilidade de diversos documentos web. |
| CA6.4 Verificouse a facilidade de navegación dun documento web mediante diversos periféricos. |
| CA6.5 Verificouse a usabilidade da interface web creada en diversos navegadores e tecnoloxías. |
| CA6.6 Modificouse a interface web para a adecuar ao obxectivo que persiga e aos usuarios a quen vaia dirixida. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Elementos do deseño: textura, cor, tipografía e iconas. Percepción visual. |
| Interacción entre persoa e computador. |
| Interpretación de guías de estilo: elementos. |
| Xeración de documentos e sitios web. Compoñentes dunha interface web. Aplicacións para desenvolvemento web. Linguaxes de marcas. Mapa de navegación. Prototipos. Maquetación web. Elementos de ordenación. Patrón de deseño. |

Contidos

Estilos en liña baseados en etiquetas e en clases.

Creación e vinculación de follas de estilo en cascada. Follas de estilo auditivas.

Follas de estilo para imprimir.

Ferramentas e test de verificación.

Elementos multimedia e interactivos.

Soporte de contido multimedia e interactivo nos navegadores web.

Comportamentos dos elementos multimedia e interactivos.

Ferramentas gráficas para o desenvolvemento de contido multimedia interactivo.

Accesibilidade web.

Principios xerais de deseño accesible.

Pautas de accesibilidade ao contido na web.

Técnicas para satisfacer os requisitos definidos na accesibilidade ao contido web. Prioridades, puntos de verificación e niveis de conformidade.

Métodos para realizar revisións preliminares e avaliacións de adecuación ou conformidade de documentos web.

Ferramentas de análise de accesibilidade web.

Comprobación da accesibilidade web desde diferentes navegadores.

Concepto de usabilidade de documentos web.

0Navegación doadamente lembrada fronte a navegación redescuberta.

Facilidade de navegación na web.

Verificación da usabilidade en diversos navegadores e tecnoloxías.

Técnicas de análise da usabilidade de documentos web.

Ferramentas e tests de verificación da usabilidade de documentos web.

Identificación do obxectivo da web.

| Contidos |
|---|
| Tipos de usuario. |
| Barreiras identificadas polos usuarios. |
| Información doadamente accesible. |
| Velocidade de conexión. |
| Importancia do uso de estándares. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------------------------------|----------|
| 2 | Planificación de interfaces gráficas | 32 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Planifica a creación dunha interface web, para o que valora e aplica especificacións de deseño. | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Recoñeceuse a importancia da comunicación visual e os seus fundamentos. |
| CA1.2 Analizáronse e seleccionáronse as cores e as tipografías adecuadas para a súa visualización en pantalla. |
| CA1.3 Analizáronse alternativas para a presentación da información en documentos web. |
| CA1.4 Valorouse a importancia de definir e aplicar a guía de estilo no desenvolvemento dunha aplicación web. |
| CA1.5 Utilizáronse e valoráronse aplicacións para o deseño de documentos web. |
| CA1.5.1 Utilizáronse aplicacións para o deseño de documentos web. |

Criterios de avaliación

CA1.5.2 Valoráronse aplicacións para o deseño de documentos web.

CA1.6 Utilizáronse marcos, táboas e capas para presentar a información de xeito ordenado.

4.2.e) Contidos
Contidos

Elementos do deseño: textura, cor, tipografía e iconas. Percepción visual.

Interacción entre persoa e computador.

Interpretación de guías de estilo: elementos.

Xeración de documentos e sitios web. Compoñentes dunha interface web. Aplicacións para desenvolvemento web. Linguaxes de marcas. Mapa de navegación. Prototipos. Maquetación web. Elementos de ordenación. Patrón de deseño.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 3 | Preparación de ficheiros multimedia para web | 4 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Prepara ficheiros multimedia para a web, para o que analiza as súas características, manexando ferramentas específicas. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA3.1 Recoñecéronse as implicacións das licenzas e dos dereitos de autor no uso de material multimedia.

CA3.2 Identifícaronse os formatos de imaxe, audio e vídeo que cumpra utilizar.

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.3 Analizáronse as ferramentas dispoñibles para xerar e manipular contido multimedia. |
| CA3.4 Empregáronse ferramentas para o tratamento dixital de imaxes. |
| CA3.5 Utilizáronse ferramentas para manipular audio e vídeo. |
| CA3.6 Realizáronse animacións a partir de imaxes fixas. |
| CA3.7 Importáronse e exportáronse imaxes, audio e vídeo en diversos formatos, segundo a súa finalidade. |
| CA3.8 Aplicáronse guías de estilo para adaptar ficheiros multimedia para a web. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| <p>Tipos e formatos de imaxes máis axeitados para a web.</p> <p>Dereitos da propiedade intelectual: licenzas, lei da propiedade intelectual e dereitos de autor.</p> <p>Software para crear e procesar imaxes. Optimización de imaxes para a web.</p> <p>Audio: formatos e conversións (exportar e importar).</p> <p>Vídeo: codificación de vídeo, formatos e conversións (exportar e importar).</p> <p>Animacións. Animación de imaxes e texto.</p> <p>Integración de audio e vídeo nunha animación.</p> |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------------------|----------|
| 4 | Uso avanzado de follas de estilos | 6 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Planifica a creación dunha interface web, para o que valora e aplica especificacións de deseño. | NO |
| RA2 - Crea interfaces web homoxéneas, para o que define e aplica estilos. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.7 Creáronse e utilizáronse patróns de deseño. |
| CA2.1 Recoñecéronse as posibilidades de modificar as etiquetas HTML. |
| CA2.2 Definíronse estilos de xeito directo. |
| CA2.3 Definíronse e asociáronse estilos globais en follas externas. |
| CA2.4 Definíronse follas de estilos alternativas. |
| CA2.5 Redefiníronse estilos. |
| CA2.6 Identificáronse as propiedades de cada elemento. |
| CA2.7 Creáronse clases e identificadores de estilos. |
| CA2.8 Utilizáronse ferramentas de validación de follas de estilos. |
| CA2.9 Utilizouse e actualizouse a guía de estilo. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Xeración de documentos e sitios web. Compoñentes dunha interface web. Aplicacións para desenvolvemento web. Linguaxes de marcas. Mapa de navegación. Prototipos. Maquetación web. Elementos de ordenación. Patrón de deseño. |

Contidos

Estilos en liña baseados en etiquetas e en clases.

Creación e vinculación de follas de estilo en cascada. Follas de estilo auditivas.

Follas de estilo para imprimir.

Ferramentas e test de verificación.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**5.1. MÍNIMOS EXIXIBLES**

Para acadar unha avaliación positiva no módulo (aprobado), será necesario alcanzar todos os Resultados de Aprendizaxe (RA) especificados no currículo. Para comprobar se se alcanzaron, empregaranse os Criterios de Avaliación (CA) indicados nas Unidades Didácticas (UD), sendo os CA mínimos exixibles indicados no apartado 4c de cada UD. Ademáis o módulo conta con dúas Unidades formativas: Interfaces gráficas de usuario e Despregamento de aplicacións, que serán avaliadas de xeito independente.

Levaranse a cabo dúas avaliacións parciais e, por último, unha avaliación final.

5.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**5.2.a) NOTA DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA**

A cualificación de cada unha das unidades está formada por dúas partes:

- Actividades: 80% do peso na nota de cada unidade. As actividades, proxectos, prácticas e/ou traballos individuais ou colectivos desenvolvidos na aula.
- Probas: 20% do peso na nota de cada unidade. Proba teórico-práctica sobre os contidos teóricos ou conceptuais da unidade.

5.2.b) NOTA DUNHA AVALIACIÓN/TRIMESTRE

O módulo está formado por 4 Unidades ou temas, o peso de cada unidade na nota final do módulo sigue os seguintes porcentaxes:

Unidade 1 - Planificación de interfaces gráficas 25%

Unidade 2 - Preparación de ficheiros multimedia para a Web 5%

Unidade 3 - Uso avanzado de follas de estilo 10%

Unidade 4 - Formación curricular que se adquirirá na empresa 60%

A cualificación calcúlase de xeito diferente dependendo de cada avaliación:

- A nota da primeira avaliación virá dada pola media ponderada das unidades didácticas impartidas na primeira avaliación, tendo en conta os pesos de cada unidade.
- A nota da segunda avaliación virá dada pola media ponderada das unidades didácticas impartidas na segunda avaliación, tendo en conta os pesos de cada unidade.

Para superar calquera avaliación, é necesario ter todas as unidades desa avaliación superadas, é dicir, un 5 ou máis e cada unha delas. No caso de non ter algunha superada, a nota máxima da avaliación será un 4. A nota será redondeada para o boletín de notas en base aos requirimentos de formato do XADE.

5.2.c) NOTA FINAL DO MÓDULO

A cualificación final do módulo virá dada pola media ponderada de todas as unidades impartidas durante o curso académico, tendo en conta os pesos de cada unidade. Se a cualificación do módulo é 5 ou máis, pero algunha unidade didáctica está cualificada cunha nota inferior a 5, a nota máxima do módulo será de 4 puntos.

A nota será redondeada para o boletín de notas.

A cualificación final do módulo sempre será igual ou superior á cualificación da segunda avaliación.

5.2.d) RECUPERACIÓN DE UNIDADES NO EXAME DE AVALIACIÓN FINAL

No caso de que algún alumno/a teña suspensa algunha unidade, poderá recuperala no exame da avaliación final.

Se algún alumno ou alumna non se presenta aos exames da primeira e/ou segunda avaliación, poderá realizar un exame de todas as unidades didácticas no exame da avaliación final, sendo a nota que saque nese exame, a nota final do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de ser necesario, propoñeranse actividades de reforzo e recuperación co fin de que acaden as destrezas que aínda non adquiriron. Ditas actividades non computarán para a nota.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado ao que se lle notifique a perda do dereito á avaliación continua terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos. A cualificación obtida nesta proba será consignada na sesión de avaliación final de módulos.

O deseño desta proba extraordinaria tomará como referencia os mesmos criterios de avaliación e mínimos esixibles cos que se valorará ao resto de alumnado.

- Será unha proba teórico-práctica que engloba a todo o módulo e/ou a partes das actividades traballadas durante o curso.

- En caso de non acadar como mínimo o 40% do total da nota en cada bloque (teoría e práctica), a nota máis alta que se poderá obter no resultado final do módulo será un 4.
- As prácticas que marque o docente como obrigatorias deberán estar todas entregadas, e ademais será preciso ter acadado como mínimo un 40% do valor da nota en cada unha delas.
- Non entregar e/ou non superar as prácticas feitas ao longo do curso, para o que é preciso obter como mínimo un 5 sobre 10, imposibilita superar o módulo, sendo 4 a nota máxima que se pode acadar.
- A nota final, sempre que se superen as prácticas do módulo, será a que se acade na proba final realizada, que se puntuará nunha escala de 1 a 10.
- Para superar o módulo, e cumprindo os requirimentos anteriormente descritos, será preciso obter polo menos 5 puntos sobre 10 .

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Írase adaptando e rexeitando ao longo do curso. Sobre todo nas actividades propostas e na duración das mesmas. E sempre condicionándose á resposta do alumnado a determinados coñecementos e prácticas. O Departamento realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións.

A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, de ser o caso, do equipo docente do ciclo. Se analizarán os informes do profesor titor do ciclo e se revisará a coordinación co resto do equipo docente do ciclo

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Recolección a través dun cuestionario da plataforma os coñecementos previos dos distintos contidos a tratar durante o curso.

- A través do foro da plataforma, solicitude ao alumnado para que voluntariamente se presente e aporte información sobre os seus coñecementos, formación e intereses.
- Realización dunha enquisa de avaliación inicial consensuada co equipo docente e publicada por parte do titor.
- Realización dunha sesión de avaliación inicial conxunta co equipo docente á luz da antedita información e calquera outra que xurda na reunión.
- Elaboración dun informe de orientación individual e posibles medidas de atención á diversidade para o alumnado que se estime que o precisa para o correcto seguimento das actividades formativas.

En función dos resultados da avaliación inicial e do asesoramento do departamento de Orientación, tomaranase medidas que poderían incluír:

- Ampliación da data de entrega de tarefas.
- Adaptación do formato dos exames presenciais se o alumno ou alumna así o precisa.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Tendo en conta que unha das nosas metas e a formación integral do alumnado, terase en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos do coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque interdisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos como nos contidos de tódolos módulos que conforman o currículo.

- Educación ambiental: evitar proxectos empresariais non respectuosos co medio ambiente e o perigo de determinados residuos informáticos.
- Educación moral e cívica: axustarse á lexislación todo o relacionado, por exemplo, o respecto da propiedade intelectual do software, o uso adecuado de Internet...
- Educación para a paz e a convivencia: promoverase como principio fundamental o respecto mutuo e o respecto ás regras de convivencia.
- Educación do consumidor: hai diversidade de empresas comerciais e diversidade de produtos. O consumidor ten a posibilidade de elixir de acordo a uns criterios. A posibilidade de elección entre software libre e propietario. Aprendizaxe para a toma de decisións.

Ademais dos contidos incorpórase no módulo a formación noutras áreas prioritarias relativas á súa familiarización con idiomas de referencia na informática ao facilitar vídeos, escritos, documentos, bibliografías, etc. en particular, en inglés, así como promover no alumnado a consulta de páxinas en Internet en distintos idiomas.

Finalmente, o profesorado pode crear un ambiente de diálogo, de debate, de invitación á reflexión no foro que axude a propagar e asentar os anteriores valores.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta que unha das nosas metas e a formación integral dos alumnos/as, terase en conta a transversalidade dos valores. Estes concíbense como o conxunto de contidos pertencentes a campos do coñecemento moi diversos, que deben ser abordados cun enfoque interdisciplinario e que se aprecian de maneira integrada tanto nos obxectivos como nos contidos de tódolos módulos que conforman o currículo.

Educación ambiental: Evitar proxectos empresariais non respectuosos co medio ambiente e o perigo de determinados residuos informáticos.

Educación moral e cívica: Axustarse a lexislación todo o relacionado, por exemplo, o respecto da propiedade intelectual do software, o uso adecuado da Internet...

Educación para a paz e a convivencia: Promoverase como principio fundamental o respecto mutuo e o respecto a regras de convivencia no día a día da aula.

Educación do consumidor: Hai diversidade de empresas comerciais e diversidade de produtos. O consumidor ten a posibilidade de elixir de acordo a uns criterios. A posibilidade de elección entre software libre e propietario. Esixir unha documentación correcta e adecuada as empresas subministradoras. Aprendizaxe para a toma de decisións.

Ademais dos contidos incorpórase no módulo a formación en outras áreas prioritarias relativas a: Tecnoloxías da Información e a Comunicación (en adiante TIC), idiomas dos Países da Unión Europea, o traballo en equipo, etc. Por tratarse dun módulo pertencente a un ciclo formativo da familia Informática, impartido a distancia, as tecnoloxías TICs, están plenamente integradas na actividade docente. E neste sentido potenciarase o seu uso mediante PLATEGA no que os alumnos e alumnas poderán dispor, entre outra documentación, de apuntes, documentos, artigos, respostas ás preguntas máis frecuentes, exercicios propostos e/ou resoltos, e tamén enlaces na rede con documentación sobre os temas tratados.

En canto aos idiomas dos Países da Unión Europea fomentarse a súa familiarización ao facilitar vídeos, escritos, documentos, bibliografías, etc. nestes idiomas, en particular en inglés, así como promover no alumnado a consulta de páxinas en Internet en distintos idiomas. O traballo en equipo potenciarase mediante a proposta de exercicios a realizar en grupos de dous ou máis, nas titorías presenciais, procurando que os compoñentes do grupo teñan que involucrarse e colaborar na súa execución. Por outra banda o profesor ou profesora debe tamén axudar a inculcar uns valores ao seu alumnado, esta educación en valores

realízase mediante temas transversais e intenta favorecer a tolerancia, a convivencia e o multiculturalismo, tanto dentro como fóra da aula. O educador pode crear un ambiente de diálogo, de debate, de invitación á reflexión no foro que axude a propagar e asentar os anteriores valores. Todas as unidades didácticas poñeranse en contacto con algún destes temas sempre que pola súa afinidade o fagan posible

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Tódalas actividades propostas polo Departamento de Orientación que vaian dirixidas ó alumnado dos ciclos de informática e tódalas actividades propostas polo Departamento de Informática.

O departamento deixa aberta a porta á asistencia a conferencias e seminarios, que ou ben se planifiquen polo departamento ou ben vaian xurdindono ámbito social e sexan consideradas de interese. Hai que ter en conta que calquera actividade proposta non tería carácter obrigatorio dado que estamos dentro do réxime dual.